



www.oqueleo.com

© Do texto: 2025, Cristina Prieto Solano (Nana Literaria)

Autora representada por IMC Axencia Literaria

Deseño de cuberta e interiores: Beatriz Tobar

© Tradución: 2026, Isabel Soto

© Desta edición:

2026, SanomaEducación, S. L. U. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Educación, S. L. U.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

ISBN: 978-84-16834-49-5

Depósito legal: M-200-2026

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: marzo de 2026



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Queda prohibida a utilización dos contidos desta obra, de calquera forma, ou por calquera proceso, con fins de minaría de texto e datos, aprendizaxe automática, desenvolvemento e/ou adestramento e/ou enriquecemento de intelixencias artificiais de calquera clase.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

CRISTINA PRIETO SOLANO

QUERERTE.COM

oqueleg

*Para os meus avós, Maruxa e Manolo.
Grazas por apoiarme sempre.*



O Emi-dee-lema

7

Na cidade de Matriz, capital de España, todo o mundo parece levar unha vida fantástica. De feito, é a urbe mellor valorada na clasificación europea da aplicación *SociaLife*. Non hai cidade que non compita para acadar unha boa valoración tanto dos seus habitantes coma dos turistas, que cada vez son máis numerosos. Subir posicións nesa clasificación converteuse case nunha teima para os partidos políticos que disputan as eleccións nos últimos anos.

No entanto, Camilla cre que Matriz non merece tal posición. Se cadra, ningunha cidade a merece. Ou se cadra é ela a que non. Odia todo o que arrodea *SociaLife*. A suposta felicidade, a pose que non conduce a ningures e, en particular, o feito de que a xente aparente ser perfecta e levar unha vida perfecta... Todo o mundo agás ela.

Cada día, non ben entra na casa e a porta pecha detrás dela cun zunido metálico, os pais bérranlle dende a cociña.

—Camilla, ven aquí, nena! Chegas xusto a tempo de ver a túa curmá —grita a voz emocionada da nai.

8 Camilla solta un bufido. O que menos lle apetece neses momentos é ver a súa curmá en Internet facendo algo marabilloso que os seus pais aplaudirán ata case quedaren sen mans. Outra vez. Pero sabe que o ton da nai non deixa lugar a discusións, así que se resigna a arrastrar os pés deica a cociña. Os pais agardan por ela na mesa central, dun azul perfecto (ese azul que decora a casa enteira dende a última reforma, que obriga os barrios todos a elixir unha cor distintiva para «fomentar a sensación de unidade»). Están debrozados sobre a pantalla integrada na mesa, que proxecta a holografía dunha rapaza cunha guitarra.

—Pasouse á guitarra tradicional? —pregunta Camilla mentres se coloca ao lado dos pais—. Seguen a fabricar eses modelos?

—Seica para ela si. Foi un agasallo da Academia da Música Dixital. —Sorrí a nai—. E o concerto é

unha homenaxe que lles fai a cambio. Está a ter un éxito impresionante en liña. Máis de dous billóns de espectadores agora mesmo.

Camilla trata de non poñer os ollos en branco. Dous billóns de espectadores, xaora. Non podía ser doutro modo. Des que descubriron a súa curmá Emilia nun programa de talentos a nivel europeo, hai xa dous anos, canto fai semella bendicido por algunha especie de trasno da boa sorte. E os seus pais non falan doutro tema. De todo o bo de Emilia (á que agora os fans lle chaman «Emi-dee»), do éxito que ten e dos cartos que gaña.

E Camilla sabe que o que sente é envexa. Sábeo perfectamente. Envexa da súa magnífica voz, por suposto, pero tamén do seu aspecto. Emilia é todo o contrario a ela. Cumpre punto por punto os estereotipos de beleza tan de moda nese momento: un ollo verde e outro azul (a heterocromía é o sùmmum dende que aquela actriz se volveu tan famosa, e hai unha chea de xente que se somete a operacións estéticas só para imitala), o pelo rizado e moi curto (e a cara ideal para que lle quede ben, porque a Camilla só a asemellaría a un kiwi), e os beizos moi carnosos (tanto que en Internet

dubidan de que sexan naturais, aínda que eles, que a coñecen dende sempre, saben que, en efecto, o son). E isto só no que respecta á cara..., porque o seu corpo tamén é perfecto. Ventre plano e con abdominais marcados, brazos tonificados e bastante musculosos. Unha xeitosa silueta de deportista.

Mentres que Camilla... Camilla nunca se gustou.

10 E nesta etapa aínda menos. Albergaba a esperanza de cambiar cando se desenvolvese, pero para o único que lle serviu a puberdade foi para ancharlle as cadeiras, non para que lle medrasen os peitos. Ata os vinte anos non teñen permitido acceder ás operacións estéticas. A maioría das persoas, en canto fan esa idade, lánzanse de cheo ao saco do retoque, coma se fose a opción exclusiva nese mundo. De feito, talvez o sexa.

Volve a mirada cara á holografía de Emilia e, sen querer, déixase levar pola súa melodiosa voz. Recorda aquela canción de hai tres anos, cando aínda eran amigas. Ou, mellor dito, cando aínda podían ser amigas, porque non é que a súa curmá non se esforzase por contactar con ela, mais estar o día enteiro de xira non lles proporcionaba precisamente a oportunidade de quedaren.

E, mentres non a ve, resúltalle moito máis doado odiala.

«Tampouco non a odias», pensa para si. «Só lles bastante rancor».

—Non é xenial? Ímoslle enviar unha mensaxe ao teu irmán, rula —dille o pai de Camilla á súa muller—. Jennifer, escríbelle a Neferet: «Estamos vendo a túa filla e sentímonos moi orgullosos dela. Dálle bicos da nosa parte».

11

Jennifer, o ordenador persoal equipado da casa ao que o pai lle puxo o nome de Jennifer Lawrence, unha actriz dos tempos do seu avó á que adora, proxecta a mensaxe nunha holografía xusto en fronte da cara do home, que dá o visto e prace cun asentimento coa cabeza. A mensaxe envíase xerando un lixeiro zunido e a holografía desaparece.

Entrementres, Emilia deixou de cantar e sobreveñen os aplausos virtuais de billóns de espectadores. O número ascende deseguida a tres billóns. A actuación remata e a holografía esvaécese de xeito automático. Só entón os pais de Camilla levantan a vista da pantalla e miran a filla.

—Que tal che foi no instituto, rula? —pregúntalle a nai, alzando a man para acariñala con tenrura.

Camilla encolle os ombreiros e, ao facelo, a tira da mochila despréndese lixeiramente. Axústaa de modo maquinal mentres pensa que é un fastío ter que levar algo así só para cargar co pequeno portátil da escola e mais cos útiles de Escritura Tradicional. Escritura Tradicional é unha materia obrigatoria en todos os colexios e institutos, sobre a cal se debate moito no Congreso dos Deputados, e que consiste en media hora diaria de redacción á man, co mero pretexto de que os novos non esquezan esa técnica que estivo instaurada durante tantos anos e que, en opinión de moitos (os de máis idade), sería unha catástrofe mundial perder.

—Nin ben nin mal. Mañá temos que escoller a persoa delegada, e repartiranse as diferentes convencións.

—Oh, tan pronto? —comenta sorprendido o pai—. E xa escolliches as túas prioridades?

Camilla ponse encarnada coma o lume e, por un segundo, está tentada a non contestar, pero sabe que non poderá zafarse de dar unha resposta. Se os pais destacan nalgunha calidade, é na teimosía.

—Tiñamos que entregalas hoxe. Puxen Filloxía Tecnolóxica como primeira opción —recoñe-

ce cun fío de voz—. En segundo lugar, Matemática Avanzada e, como había que marcar tres, Composición Técnica, aínda que non sabemos moi ben a que se refiren porque é unha materia nova.

—Matemática Avanzada! —Volve sorprenderse o pai—. Estás segura? Non che apetece facer algo máis... creativo?

Dende que Internet se converteu na principal fonte de ingresos e, en particular, na principal razón da creación de novos millonarios, non hai pai nin nai que non lles solte a mesma leria aos fillos. Camilla sábeo porque Borry e Tom, os seus dous mellores amigos, lle teñen contado que sofren as mesmas presións ca ela. Todos queren que os fillos acaben revelando un gran talento oculto (coma Emilia), que os descubran na escola (coma a Emilia), que gocen dunha boa vida (coma Emilia) e que gañen un mundo de cartos (coma Emilia). É evidente que os pais de Emilia non terán que traballar endexamais, e mesmo ela podería deixalo todo se quixese.

—Non son creativa, papá, ben o sabes —protesta por enésima vez, notando como a carraxe lle ascende polo estómago—. Se queres que me pare-

za a Emilia, págame unha cirurxía para que me copien a súa estúpida cara.

Dito isto, e sen poder evitalo, marcha de alí deixando os pais coa boca aberta ante unha reacción que a súa filla adolescente nunca tivera.

14 Unha vez no cuarto, Camilla pulsa a superficie da porta co dedo maior, o cal orixina unha luz branca que se estende polo metal azul ata se converter na frase «Porta bloqueada». Sabe que os seus pais poderían entrar sen problema. O filtro de bloqueo das casas está dotado de control parental e a eles non lles impide o acceso, pero o seu é máis ben un xesto simbólico co obxecto de que a deixen en paz. Espera que a entendan, cando menos o suficiente como para respectaren o seu espazo.

Senta ao escritorio, tira co abrigo térmico e a mochila enriba da cama, e acende o ordenador. O primeiro que se abre, de forma automática, é a aplicación de SocialLife. Trátase dunha especie de complemento imprescindible para todo o mundo, e os ordenadores xa veñen programados para abrir esa aplicación en canto se poñan en funcionamento.

O fío do seu curso, segundo de Educación Secundaria Final (co novo cambio de lei, cada vez os nomes teñen menos sentido), é o primeiro que aparece na súa liña de noticias, cheo de fotos, momentos e comentarios dos compañeiros. Poñer unha publicación sería o lóxico naquel intre, pois leva un anaco longo sen actualizar o perfil e, a este paso, devirá nunha paria social en menos tempo do que se tarda en dicilo.

Morde o beizo en tanto reflexiona sobre que escribir que alguén poida considerar interesante. No grupo privado que ten con Borry e Tom, soben fotos absurdas e ridículas (a súa grande especialidade), pero no fío do curso desexa dar unha imaxe de sofisticación. Sobre todo, por Anna. A súa Anna.

Permítese un suspiro ao maxinar os seus rizos negros caendo sobre a profundidade dos seus ollos. É a rapaza máis amable que coñece, e tamén a máis lista. Outra que, coma ela, non tira polo camiño da creatividade, senón polo científico, ben menos valorado no seu tempo e, principalmente, á súa idade.

Por suposto, non ten ningunha posibilidade con ela, a menos que ofrezca un perfil interesante

en SocialLife. Aínda bo foi que o sistema de valoracións non chegou a entrar en vigor. Había uns meses, anunciárase unha actualización cun sistema de puntos que permitiría valorar os usuarios, ademais dos restaurantes, os lugares de lecer e as cidades, pero o Goberno decidiu parar esa iniciativa coa escusa de que algunhas persoas tolearían. E canta razón levaba, ou iso opina Camilla.

A ela xa lle importa demasiado o que pensen do que sobe ás redes sociais como para que, ademais dos corazónciños que lles poden poñer ás súas publicacións, tivese que preocuparse tamén por outro tipo de valoración.

«E se che tocasse valorarte a ti mesma, que puntuación te darías?», pregúntase mentres mira a última publicación de Anna no fío do curso, onde sae riseira e a súa holografía lanza un bico ao tempo que chisca un ollo con coquetería. Está a piques de imprimila, pero deduce que tería que darlles demasiadas explicacións aos seus pais.

O caso é que, se tivese que facer unha valoración de si mesma..., talvez fose un desastre. Se hai unha persoa nese mundo que non se quere, esa é Camilla. Dende que ten memoria. E aínda menos

dende o efecto «Emi-dee». Ela é todo o contrario ao éxito, ao que a xente desexa.

O seu pelo é dunha cor moi clara, case branco, consecuencia dunha mestura de xenes cada vez máis louros na súa familia. Os ollos, obviamente da mesma cor e sen ningunha heterocromía rechamante, son acastañados e grandes. A boca, en troques, é bastante fina, ata o punto de que, ás veces, cando pon lapis de labios, nin sequera se nota.

17

É baixiña, e o deporte é algo que sempre se lle resistiu, así que non ten nin moito menos unha complexión atlética. Pero tampouco é *curvy*, porque as únicas curvas do seu corpo son as das cadeiras, e non salienta por ter nin peito nin cu. Séntese coma unha pantalla plana das antigas nun mundo de holografías.

O ordenador emite un zunido e o fío con Borry e Tom ábrese diante da súa cara. Unha foto de Tom e os seus catro gatos deitados na cama fai que esboce un sorriso. Tom está obsesionado cos seus gatos, e quizais ese sexa o seu atributo máis encantador. Eles, como grupo de amigos, considéranse unha sorte de marxinados. A pesar de que as políticas sociais nos institutos avanzaron moi-

to nos últimos anos e non se permite que ninguén quede atrás, nunca quixeron facer aquilo polo que todos devenen. Non lles presta ir ás tendas de realidade virtual pasar a tarde dos venres, e son os únicos «rariños» que aínda buscan libros en papel nas librerías *vintage*. Quedan relativamente poucos exemplares no mundo des que o *boom* do libro electrónico pasou do tal *boom* a un «cataplún» e provocou a desaparición do papel. De cando en vez, véndese a versión impresa dalgunha obra clásica para os nostálgicos, pero ninguén dispón de espazo na casa nin na vida para un libro que só contén unha historia.

«Pero nós só temos *unha* historia», comentan entre eles. «Somos coma os libros antigos».

Responde á foto de Tom cunha instantánea que o seu ordenador lle quita ao momento, cos ollos en branco, e engádelle un pé: «Tom, a chalada dos gatos». Borry rise virtualmente dos dous, pero non engade ningunha foto polo de agora. Camilla supón que esperará a ter algo realmente importante que mandarlles, ou algo moi gracioso, como fai decote.

Suspira, érguese da cadeira e diríxese ao armario. O enorme espello que ocupa por completo a

porta da que dispón o moble devólvelle un reflexo canso. Non sabe de onde saen aquelas olleiras que ten decotío, coma se pasase as noites en vela cando o certo é que dorme case nove horas de media. Por instinto, leva as mans á cara e intenta esmagalas, coma se servise de algo.

Logo, a súa mirada baixa, sen remedio, cara ao seu corpo. Descoñece cando decidiu que aquela estúpida moda dos pantalóns holográficos brillantes era para ela, porque dende logo non lle acaen. Arrastra a palma das mans polo xersei negro, aplanándoo, e bate coa barriga, e segue a curva pegando a tea ao corpo. Solta un bufido. Intenta meter tripa, pero o único que consegue é que as costelas se lle marquen máis e o seu corpo pareza deforme.

Expira o aire de golpe, case cun xemido.

Ata hai relativamente pouco, o seu aspecto nunca lle preocupara en absoluto. Pero cando coñeceu a Anna na clase e ela entrou na súa vida con aquel sorriso que o ilumina todo, sorprendeuse mirándoa e decatouse de que lle gustaba moito. O seu corpo, os seus xestos, todo o que ela reflicte.

A partir dese momento, a súa autoestima caera en picado e sen paracaídas. Esnaquizárase ao cho-

car contra unha rocha, apachocada, e xa non había quen recollese as cachizas.

20 Intentárao todo, como apuntarse ao ximnasio da súa urbanización (dende a última Lei de Actividade Física, cada urbanización conta cun ximnasio gratuíto para os seus residentes, que adoita estar bastante concorrido), pero sempre que decidía ir sentía como que non encaixaba. Dáballe a sensación de que todo o mundo a abesullaba con ollos acusadores.

«Que pretendes intentando facer iso? Se non che sae!».

«Mira esa gorda que quere correr...! Pobre!».

Esas palabras ocupábanlle a cabeza, e imaxinaba os seus veciños pronunciándoas tan forte que un día acabou por renderse. E, dende entón, todo son lamentacións. Dálle por pensar que o seu corpo está mal feito, coma sen rematar. Coma se no útero da nai as células que se supoñía que a converterían nunha rapaza atractiva ficasen durmindo polo camiño. Mesmo ás veces adoeecía por recriminallo á súa proxenitora. «Debiches comer diferente no embarazo», matina segundos antes de reparar na tremenda imbecilidade que se lle

acaba de ocorrer. «Ou modificar os meus xenes, como fai todo o mundo».

Entre arquexos, dá a volta e déixase caer na cama, rebotando un par de veces polo impulso. Mira á fronte e di en voz alta:

—Jennifer, pantalla principal.

Unha pantalla desprégase xusto diante dela, á distancia prudencial establecida para as holografías. Volve abrirse SocialLife, e con ela outra foto de Anna que lle gustaría enmarcar e colgar da parede para poder admirala decontino. Está cuns amigos tomando un café nun deses sitios nos que imprimen a túa foto na nata. Sorrí ao lado do seu dobre de nata e é a persoa máis encantadora do mundo. Dálle ao corazón, que brilla enriba da foto, pulsando dúas veces co dedo encima da súa propia coxa.

—Canle de entretemento —murmura, alto dabondo como para que o recoñecemento vocal de Jennifer o capte.

Ábrese unha nova páxina cunha saturación increíble de vídeos, baseados en todos os que xa viu. Antes de poder visualizar o último do seu personaxe cómico favorito (que promete facer un expe-

rimento social gracioso no centro de Matriz), ábrese un anuncio, coma adoito.

«Cada vez hai máis anuncios, non se dá visto nada», protesta para os seus adentros, recordando a discusión sobre ese tema que tivo con Borry días atrás.

22 Borry defende que, xa que a sociedade rematou entregada a Internet e todo o mundo pasa a maior parte do tempo navegando pola Rede, o aumento do nivel de anuncios é completamente normal. Hai moitos anos, cando aínda existían a televisión e a radio, os anuncios estaban máis repartidos, pero coa concentración do lecer só hai unha fonte onde facer publicidade: Internet.

Porén, Camilla segue considerando absurdo ter que tragar un anuncio enteiro de calquera cousa antes de ver cada vídeo. Así a todo, non deixa de facelo, nin pasa ás novas webs alternativas que prometen reducir o número de anuncios. De maneira que, en parte, podería dicirse que pertence ao grupo dos culpables. Esa fora a conclusión de Borry, que ela non lograra rebater.

Cando por fin conclúe o anuncio do novo cepillo de dentes sónico (sen lle espertar gana ningunha

de mercar o condenado cachifallo), pode ver o vídeo de Dididi, unha especie de heroe enmascarado (cómico) que se dedica a facer experimentos sociais na súa cidade. Desta vez escolleu unha cafetería como obxectivo, e dedícase a «salvar» as persoas dos edulcorantes... quitándollelos das mans dunha maneira bastante chusca. Escápanlle varios sorrisos, seguidos dalgunhas risiñas, ao ver as caras da xente cando se topan con aquel personaxe, ao que moitos aínda non coñecen.

Encantaríalle ter a valentía de facer ese tipo de cousas. Non exactamente molestar a xente nin tirarlle co edulcorante, pero si dispoñer dese descaro que teñen as persoas que andan por Internet para facer o que se lles ocorre cando lles peta.

En ocasións, a súa vida seméllalle moi monótona.

Á esquerda, no panel de suxestións, hai un vídeo de Emi-dee. Corresponde á súa última actuación, a que estaban vendo os seus pais hai un bocado. Os seus ollos vagan engorde polo vídeo que se está a reproducir e aquela suxestión, que chama por ela coma se se tratase dunha tableta de chocolate que non debería comer. Ao final, e maldicíndose, despraza o dedo pola coxa ata que

o cursor se detén enriba da miniatura do vídeo e selecciónao.

Outro anuncio. Camilla farfalla e case lle entra a gana de pechar o navegador, pero o que ve impídello.

24 «Quéreste?», reza o anuncio, con fondo negro e letras brancas. Camilla sente coma se se paraliza-se por completo.

Sucédese unha imaxe tras outra de persoas famosas de Internet, estrelas das series, dos filmes e das novas animacións holográficas. Todas riseiras e exultantes.

Ves a todo o mundo feliz... pero ti non o es? Non te sentes capaz de encontrar o bo que hai en ti e cres que non vales nada? Nós temos a solución.

A Camilla sécalle a gorxa ao ler esas palabras que semellan directamente creadas para magoarlle o corazón.

Quererte.com é unha páxina avaliada por especialistas e milleiros de recensións positivas. Co noso curso intensivo, e por só 799 dólares, garantímosche que

a túa autoestima medrará e acabarás amando cada detalle de ti. Visítanos, rexístrate, cambia a túa vida.

Camilla chasca os dedos para deter o vídeo nese último fotograma. O rostro cacarelo dunha muller, visiblemente satisfeita, parece saudala dende a pantalla. «Cambia a túa vida», resóalle na mente.

Cavila uns intres. Dende logo, non cre que sexa ouro todo o que reloce, e esa páxina web non pode ser a solución aos seus problemas. Os anuncios prometen moitas cousas; malia que a publicidade enganosa se estea a regular aos poucos, sempre acaban atopando algún oco por onde coarse para soltarche unha gran mentira e que ti a comas con patacas.

Guiada por un impulso, abre o motor de busca disposta a atopar valoracións daquel servizo, daquela páxina web, Quererte.com. No motor de busca xa hai creado un apartado específico sobre valoracións, porque o que máis lles importa aos consumidores actuais é a valoración que outros consumidores lle deron ao produto. Case todo o servizo ás empresas está baseado en mellorar esas valoracións, e existe un regulamento moi

estrito arredor delas, posto que se perseguen as recensións fantasma e as avaliacións falsas ou automáticas.

Así que non ten máis que teclear «Quererte. com» no buscador para que lle saian montes e moreas de resultados. Fai clic na primeira páxina de valoracións, na que ten unha media de cinco sobre cinco. Abraia ao comprobar que esa media está baseada en máis de mil usuarios. Iso non pasa nunca. Endexamais todo o mundo está satisfeito por completo cun servizo. Non o entende, o cal esperta aínda máis a súa curiosidade.

Empeza a ler algúns comentarios:

«Espectacular. Mudou de vez a miña vida». María, 23.

«Un método revolucionario pero efectivo, sen dúbida». José, 34.

«Ao primeiro, tiña as miñas dúbidas, pero axiña os resultados as varreron do mapa». Tonia, 21.

«Pouco ortodoxo, quizais mesmo criticable, pero non atoparás nada mellor». Philip, 37.

Camilla queda quieta e recapacita. Non avanza cara ao seguinte comentario. O tal Philip cualificouno de «criticable», pero ela non ten moi claro a

que se refire. Quizais se trate dunha mala tradución, porque todas as opcións mundiais se traducen (todo se traduce case de forma instantánea), e algunha vez, de maneira excepcional, hai algún erro e non é iso exactamente o que a persoa quixo dicir. Se cadra vai por aí.

Daquela, despois duns minutos de lectura doutras recensións nas que o cualificaban como o mellor do mellor, decídese a entrar na famosa Quererte.com. Teclea o enderezo na barra do navegador e agarda uns segundos mentres carga.

O fondo negro volve reproducir o mesmo anuncio que viu na canle de entretemento. Cando as últimas palabras («Rexístrate. Cambia a túa vida») desaparecen, emerxe un menú moi sinxelo que só consta de tres pestanas: «Quen somos?», «Que ofrecemos?» e «Rexístrate».

Preme en «Quen somos?» e atopa unha sinxela e concisa descrición:

Quererte.com é unha iniciativa dun fatado de rebeldes que empregamos a tecnoloxía para o que de verdade importa: quererse. Fartos de que a presión dos medios sociais nos empurrase ata o chan cada

día, demos coa metodoloxía perfecta para subir a autoestima, para se namorar dun mesmo. E estamos máis ca satisfeitos cos bos resultados e as estupendas recensións que obtivo en todo o mundo.

«Isto non me aclara nada», pensa, e fai clic na pestana «Que ofrecemos?» con moitas máis esperanzas das que lle gustaría recoñecer.

Ofrecemos un curso integral para o que non se require que posúas ningún tipo de formación previa. Cun escaneamento total (para o cal che enviaremos un escáner á casa de xeito gratuíto) e mais cos códigos que che proporcionaremos, xa estarás listo ou lista para te rexistrares na nosa páxina e empezar a aprender a quererte. E todo polo módico prezo de 799 dólares, aínda que... poderías poñerlle prezo á túa felicidade?

Camilla engurra o cello, e sabe que se a nai estivese alí lle diría que deixase de facelo, que é un aceno que a afea e fai que pareza unha roñona. Pero, na intimidade do seu cuarto, Camilla ten por costume engurrar o cello canto lle peta, coma se

houbese un contador invisible que fose anotando puntos a favor e en contra da súa nai.

Porén, desta vez engúrroa por un motivo moi claro: segue sen ter nin idea de que vai ese programa, esa páxina web que ofrece un servizo que nunca vira. Na pestana de «Rexístrate», só aparece o espazo para introducir as claves que veñen no paquete, e abaixo unha icona bastante grande que di «Adquirir curso».

29

Expulsa o aire con calma, e nese intre cae na conta de que o retiña sen querer. Un miaño expúl-saa das súas fantasías e xira a cabeza xusto cando Lily, a súa gata, sobe dun chimpo á cama con ela. Sorrí e aloumíñalle o pelame negro con tenrura. Teñen a Lily dende hai cinco anos, e cada momento que pasou con eles foi unha alegría. Estiveron en lista de espera unha chea de tempo, porque os gatos son unha mascota moi solicitada pero da que non existen demasiados exemplares debido á estrita regulación da súa cría des que todo se des- mandou nos anos cento cincuenta. O de Tom é dis- tinto: a súa familia ten micos dende sempre, con cría controlada e un certificado oficial, e por iso son catro. Non é así para a maioría da xente, que

se ve envolta en papelorio e esperas interminables para conseguir unha mascota felina. Pero, dende logo, non pode negar que a espera pagou a pena.

A gata acurúxase á súa beira, e ela pensa, como xa fixo outras veces, que debe de ser o único ser no mundo que a quere de verdade. Non é que os pais non a aprecien, pero está convencida de que preferirían que fose outra persoa. A súa curmá Emilia, para ser máis exactos. E iso non se lle fai a alguén a quen queres de verdade, non si?

«Entón, por que o fas contigo mesma?», escápalle pensar, e tapa a boca coma se o pronunciase en voz alta sen pretendelo.

Cando os pais entran a buscala para cear, pasando por completo, efectivamente, do feito de que o cuarto estivese bloqueado, non protesta demasiado. Sabe que o mellor é facer coma quen que o estalido adolescente de antes non aconteceu nunca. Os seus pais son especialistas en aparentar que non sucedeu nada para ocultar os problemas importantes.